

FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA

MÉRCORES 16 DE XULLO
PRAZA CASTELAO - 22.00 H.



Muzsla Néptancegyüttes

HUNGRÍA

Ballet Folclórico Municipal
de Rancagua

CHILE

No caso de choiva traladarase ó Auditorio



AFC e X. MEIRAMAR-AXOÚXERES de Moaña



Rianxo

Educación, Cultura e Normalización
Lingüística

MUZSLA NÉPTÁNCGYÜTTES HUNGRÍA

Muzsla Néptáncgyűttes, é unha agrupación folclórica fundada no ano 1983. Trátase dun grupo tradicional de afeccionados a danza folclórica e á música tradicional. MUZSLA é un grupo folclórico representante da cidade de Páztó, situada ao norte de Hungría. O repertorio do grupo está composto basicamente de música e bailes tradicionais e populares.

Muzsla Néptáncgyűttes, está formado por un grupo de novos bailaríns, mozos e mozas de 20 anos de idade. Na actualidade está formado por mais de 40 artistas, bailaríns, cantantes e músicos que son ensaiados e dirixidos por instructores profesionais. Muzsla Néptáncgyűttes, ao longo das súas tres décadas de existencia, ten actuado en distintos festivais e lugares de Hungría, e ten participado con moito éxito en actuacións fora da súa terra en países como, Moldavia, Alemaña, Polonia, España, etc.



BALLET FOLCLÓRICO MUNICIPAL DE RANCAGUA CHILE

En xullo do ano 2008 naceu o Ballet Folclórico Municipal de Rancagua, unha iniciativa liderada por Ricardo Silva, artista local que co apoio da Ilustre Municipalidade se deron á tarefa de rescatar as tradicións do país, para así, proxectalas nos novos talentos desta cidade.

O ballet conta con 33 integrantes entre músicos e bailaríns, que semanalmente son preparados por un grupo de profesionais que lles entregan as ferramentas para afrontar os máis diversos escenarios. Teñen actuado en innumerable festivais por todo Chile, tamen en España e Portugal.

